

1. DESCRICIÓN PORMENORIZADA

1.1. Antecedentes

Coa aparición de novos títulos e a presenza de novos autores dentro do panorama literario galego actual, detectouse que a presenza da cidade de Vigo dentro desta literatura tiña cada vez máis forza. Para darlle forma a esta idea naceu o plan de “debuxar” un mapa da cidade de Vigo na literatura.

Meses de investigación puxeron de manifesto que existía moito material co que traballar, polo que tras varias reunións para ver como orientar o proxecto decidiuse realizar unha páxina web na que volcar toda a información recabada.

Chegado este punto, estableceuse contacto coas editoriais e autores/as para comentarlles o proxecto e solicitarlles o permiso para recoller e publicar fragmentos das súas obras. Cabe destacar a xenerosidade e apoio ao proxecto por parte de ambas partes, que colaboraron coa biblioteca á hora de reunir os títulos que podían ser de interese para o mapa literario.

1.2. O proxecto

Así, o Mapa Literario de Vigo é un proxecto que nace dende a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas, co apoio dos autores/as e do sector editorial, co que se quere amosar a importancia da cidade dentro da literatura.

O historiador francés Pierre Nora acuñou o termo de “lugar de memoria” para designar os lugares onde se cristaliza e se refuxia a memoria colectiva, é dicir, non é calquera lugar o que se recorda, senón aquel onde a memoria actúa. Lugares coma a Porta do Sol co Sireno como testemuña de moitos acontecementos das nosas vidas e das historias de ficción ou ficcionadas que recollen estas obras; ou o barrio de Teis como testemuña directa dunha xeración perdida e das revoltas obreiras; o Berbés coma recordo das tradicións viguesas, as cales designan en moitos casos os nomes das rúas e as prazas ata o alto do Casco Vello; ou o Calvario como reflexo de unión entre a veciñanza.

A novela escrita sobre a cidade conta a evolución (de ambas) e amosa a importancia da relación entre o espazo e a orde social, como os espazos mudan non só de aspecto senón tamén de identidade. Barrios coma o de Coia, reflexo dun barrio obreiro dunha cidade industrial en expansión, en contraposición con barrios coma Zamáns ou Valadares que seguen mantendo o seu carácter rural e que logran rodear dun fermoso manto verde ao resto da cidade. E como non, as Illas Cíes e a bahía de Vigo coma espectadoras inmutables do noso día a día e das historias das nosas rúas.

Deste xeito a cidade é un escenario dos sonhos, das emocións da linguaxe e das imaxes variadas dos recordos e a historia propia.

Así, na páxina web creada para tal fin, pódese atopar a presentación do proxecto, a idea da que parte, a súa finalidade e un pdf descargable da imaxe da cabeceira do Mapa Literario de Vigo.



Proxecto

Este Mapa Literario de Vigo é un proxecto que nace dende a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas e co queremos amosar a importancia da nosa cidade dentro da literatura. Pretendemos que sexa un proxecto vivo que vaia medrando cos novos títulos que aparezan e que teñan como espazo as rúas da nosa cidade; tamén que sexa un traballo colectivo no que quen queira colabore para completalo, indicando algún título que nos quedou atrás ou sumando algunha nova parada ou localización que non estea incluída ou se vaia creando.

<https://mapaliterariodevigo.com/>

Despregáronse toda unha serie de liñas dun medio de transporte ficticio nas que cada parada respondese a unha localización concreta, levando o nome do título do libro no que aparece citada, enlazando dita parada co fragmento da obra á que fai referencia. Deste xeito naceron as 10 liñas que conforman o mapa, unha delas marítima, xa que non era posible obviar a importancia da propia Ría de Vigo na literatura.

A páxina web recolle unha bibliografía completa dos libros nos que aparece a cidade de Vigo ("paradas bibliográficas"), que na actualidade conta con 82 títulos, e recompila así mesmo as localizacións presentes en cada unha das obras e o fragmento no que aparecen citadas. A través dun buscador, permítese tamén a procura por título, autor, localización, editorial, etc. Desta forma, a web convértese nun corpus moi interesante con multitude de usos.



Por último, deseñouse tamén un mapa en papel no que aparecen todas as liñas despregadas, para que calquera persoa interesada o puidese levar consigo.



1.3. Público destinatario

Os beneficiarios/as directos/as, aquelas persoas ás que vai dirixido especificamente o proxecto, é o público usuario da biblioteca. Un público xeral no que podemos incluír a todas as persoas, sen facer ningún tipo de distinción de xénero, idade, etc., xa que o Mapa recolle títulos tanto de público infantil, xuvenil ou de adulto, así como dos distintos xéneros literarios.

Pero estes usuarios/as directos/as traspasan os muros da biblioteca, xa que este é un proxecto vivo e transversal aloxado na rede de redes que é internet. Deste xeito, os/as lectores/as de Vigo poden descubrir estas localizacións ou enviar e propoñer outras novas, pero tamén pode facelo calquera lector/a en calquera parte do mundo. O Mapa, dispoñible na páxina web do proxecto, ten tamén unha versión en pdf dispoñible para a súa descarga, de forma que quen o desexe (usuario/a ou non da biblioteca) pode consultalo e empregalo como queira. Ofrece por exemplo unha excelente oportunidade para realizar rutas literarias (individuais ou colectivas) coas que achegarse á cidade dende outra perspectiva distinta. Deste xeito, os/as lectores/as de Vigo poden descubrir estas localizacións ou enviar e propoñer outras novas, pero tamén pode facelo calquera lector/a en calquera parte do mundo.

O Mapa é así mesmo unha ferramenta moi útil para centros de ensino, xa que lles permite o acceso a unha selección de libros sobre a cidade e ofrece un recurso educativo co que propoñer xogos para o seu alumnado.

Ademais, o proxecto ten outro tipo de beneficiarios/as indirectos/as, aos que o proxecto se dirixe nunha segunda instancia, que son os escritores e escritoras, ilustradores/as, editores/as, editoriais, librerías, etc., que se ven beneficiados/as ao promover os títulos presentes no mapa. Así, cando en 2018 se presentou publicamente o Mapa Literario de Vigo, algunhas das librerías da cidade fixéronse eco da noticia colocando nos seus escaparates o Mapa e unha selección dos títulos presentes no mesmo, ao mesmo tempo que as editoriais implicadas tamén falaban do proxecto nas súas RSS resaltando os libros da súa colección que forman parte da iniciativa.



Escaparate de La Casa del Libro






Por libro
Buscar

[INICIO](#)
[A EDITORIAL +](#)
[AUTORES/AS](#)
[CATÁLOGO](#)
[BLOG](#)
[MATERIAIS](#)
[PREMIOS](#)
[CONTACTO](#)
[EBOOKS +](#)
[DISTRIBUIDORA](#)



Blog

Galaxia colabora no Mapa Literario de Vigo



MAPA LITERARIO DE VIGO

- MAPA LITERARIO DE VIGO
abral - Lavadores
- MAPA LITERARIO DE VIGO
Barrio de Vigo
casco Vello
- MAPA LITERARIO DE VIGO
Noróns - Praza E. Fadrique
- MAPA LITERARIO DE VIGO
Terraño de Vigo
ravesia - Teis
- MAPA LITERARIO DE VIGO
San Miguel - Bouzas
- MAPA LITERARIO DE VIGO
Arcia Barbón - Urzaiz
- MAPA LITERARIO DE VIGO
Anezueta - Camélias
- MAPA LITERARIO DE VIGO
Príncipe - Berbés
- MAPA LITERARIO DE VIGO
Ola - Zamáns
- MAPA LITERARIO DE VIGO
Ande - Illas Cies

<http://editorialgalaxia.gal/galaxia-colabora-no-mapa-literario-de-vigo/>

De igual forma o mundo da investigación (alumnado, profesorado e persoal investigador) pode beneficiarse desta ferramenta, xa que a páxina web facilita a busca da información tanto por autor, obra ou localización, converténdose nun corpus dixital moi completo sobre a materia, que pode servir como fonte para traballos académicos ao redor da literatura e a cidade, o turismo literario, etc. É o caso do artigo “*Vigo noir. Xeografías literarias e relacións intersistémicas na novela negra galega*” do profesor Xavier Núñez Sabarís (Universidade do Minho), no que se fai mención ao Mapa Literario de Vigo.

2. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS

2.1. Presentación pública do proxecto

O proxecto presentouse ao público o 23 de abril de 2018, coincidindo co Día do Libro.

Pola mañá realizouse unha presentación a prensa do proxecto por parte do Alcalde Abel Caballero, na que tamén estaban presentes o persoal responsable da biblioteca e representantes das distintas editoriais. Para dita presentación a biblioteca realizou unha nota e un dossier de prensa completo que foi facilitado aos medios e do que se fixeron eco.

Pola tarde celebrouse unha presentación ao público xeral da biblioteca, á que tamén se convidou aos autores/as que forman parte deste Mapa, así como ás editoriais implicadas no proxecto.

De forma paralela organizouse unha mostra bibliográfica que poñía a disposición do público usuario da biblioteca os títulos presentes no Mapa Literario. Igualmente realizouse unha exposición na fachada da biblioteca coas diferentes liñas, da que se fixeron varias visitas guiadas, e que segue a día de hoxe formando parte da visión exterior da biblioteca.



Exposición na fachada da biblioteca

Por último, imprimíronse exemplares do mapa en papel para entregar ao público asistente, un recurso que dende ese momento está presente na biblioteca para que quen o desexe o poida levar.

A presentación do Mapa Literario tivo moita repercusión tanto en prensa escrita como en radio e en redes sociais, a raíz do cal e durante varios días diversas entidades e público xeral amosaron interese polo proxecto e pediron información sobre o mesmo.

2.2 Desenvolvemento do proxecto

Ao longo do ano e medio de vida do Mapa Literario realizáronse outras actividades para dar visibilidade ao proxecto, estando presente nas Feiras do Libro de 2018 e 2019. Así, realizouse un deseño co que recrear este mapa dentro da caseta da Biblioteca na Feira.



Caseta da Biblioteca Neira Vilas Feira do Libro 2019

En xullo de 2019 púxose en marcha un xogo nas redes sociais da biblioteca: RETO LITERARIO: O MAPA LITERARIO DE VIGO. Trátase de que o público faga fotos dos libros do Mapa Literario de Vigo nas localizacións ás que fan referencia para despois subilas ás redes sociais, etiquetándoas cos hashtags [#RetoLiterario](#) [#MapaLiterarioDeVigo](#)

Por outro lado, dende a posta en marcha do proxecto, estanse a incluír novos títulos e localizacións no mapa, correspondentes tanto ás novidades editoriais como ás suxestións dos propios usuarios/as, logrando o obxectivo de que o mapa se converta nun elemento de colaboración cidadá que axude a crear conciencia de comunidade.

Así mesmo estase a traballar na procura de novas actividades e propostas, como un xogo lúdico ao redor do mapa literario ou diferentes propostas turísticas baseadas no proxecto, nas que se poidan involucrar diferentes axentes sociais, como entidades culturais, centros educativos, asociacións de veciños ou o sector privado.

2.2.1. Actividades

As actividades son a parte máis visible do proxecto, polo que serven para establecer as estratexias, sempre ao servizo dos obxectivos tanto xeral como específicos.

- Presentación do mapa literario de vigo
- Exposición na fachada da biblioteca
- Mostra bibliográfica
- Feira do libro 2018
- Feira do libro 2019
- Reto literario

2.2.2. Cronograma

- Setembro 2017. Nace a idea: realizar un plano coas obras que falan de Vigo
- Setembro 2017- xaneiro 2018. Etapa de documentación: recoller os títulos e os textos das localizacións.
- Febreiro 2018. Contacto coas editoriais e autores/as. Cambia a idea orixinal: aparece a idea de crear unha web
- Marzo-abril 2018. Deseño do mapa. Creación da web. Comunicación do proxecto
- 23 abril 2018: Presentación do proxecto
- Xuño 2018. Presenza do Mapa Literario na Feira do Libro de Vigo
- Xuño 2019. Presenza do Mapa Literario na Feira do Libro de Vigo
- Xullo 2019. Lanzamento en redes sociais do #RetoLiterario

2.3. Comunicación

Outro aspecto importante deste proxecto é o de dar difusión ao mesmo, polo que se se definiu un plan de comunicación que se marcou como obxectivos xerar visibilidade do Mapa Literario, fomentar a participación e a colaboración cidadá no mesmo e promocionar as actividades de fomento da lectura que se realicen ao redor do proxecto.

Os medios de promoción utilizados, seguindo as estratexias de márketing utilizadas na difusión do programa de actividades da biblioteca son os seguintes:

2.3.1. Márketing offline

Cartelería publicitaria, folletos de programación trimestral, versión impresa do mapa co detalle das liñas literarias.

2.3.2. Márketing online

E-mail márketing de permiso - Newsletter: Boletín de actividades que se envía por email. http://www.ltmbibliotecas.es/pages/2019/xuno_2019.htm



MEMORIA DESCRIPTIVA. MAPA LITERARIO DE VIGO

Marketing de contido: Blog. [Blog-Mapa Literaria de Vigo](#)

Sitio web da biblioteca. <https://bibliotecaneiravilas.vigo.org/axenda-actividades/>

Páxina web do Mapa Literario de Vigo. <https://mapaliterariodevigo.com/>

SMO: [Facebook](#) e [Twitter](#). Publicación nas redes sociais das novas e iniciativas relacionadas co Mapa Literario de Vigo

Medios propios do Concello de Vigo: <http://hoxe.vigo.org> (portal de actualidade do Concello de Vigo) [Vigocultura](#) (Axenda cultural do Concello de Vigo)

3.2. Resultados

Dende a posta en marcha do proxecto os resultados obtidos son moi positivos. A presentación do Mapa Literario tivo unha grande repercusión en medios de comunicación e redes sociais (véxase dossier de prensa), e unha gran acollida entre o público xeral, que se involucrou na creación do mapa achegando novos títulos e fragmentos que axudaron a completar a cartografía literaria de Vigo.

A presenza do Mapa Literario na caseta da BPM Xosé Neira Vilas na Feira do Libro, pola que en 2019 pasaron un total de 580 persoas, contribúe a manter a vitalidade do proxecto, permitindo ademais a difusión do mesmo entre un público que non sempre se achega á biblioteca e que desta forma descobre a existencia deste espazo na cidade.

Así mesmo, ao longo do curso escolar 2018/2019, tres centros de ensino puxéronse en contacto coa biblioteca para amosar o seu interese polo Mapa Literario, valéndose dos títulos dirixidos ao público infantil/xuvenil presentes nas diferentes liñas para programar actividades de promoción lectora entre o alumnado.

No que se refire á implicación de diferentes axentes sociais no proxecto, dende a súa posta en marcha as editoriais expresaron o seu compromiso co mesmo, achegando títulos e autores para incluír no Mapa, unha colaboración que se mantén no tempo. Da mesma forma, os autores/as amosaron a súa disposición a participar na difusión do proxecto, facéndose eco do mesmo nas súas redes sociais e achegando os seus títulos á biblioteca.

Por último, en relación ás accións concretas de difusión levadas a cabo, como é o caso do #RetoLiterario, a pesar da súa recente posta en marcha os resultados obtidos ata o momento amosan a súa efectividade. Lévanse publicados no blog e nas redes sociais un total de 14 imaxes enviadas polos/as usuarios/as dos títulos presentes no mapa nalgunha das ubicacións ás que fan referencia. No período comprendido entre o 1 e o 15 de xullo, a páxina web leva recibidas 1.385 visitas ás novas relacionadas co evento, e tense logrado un alcance de 1.455 usuarios en facebook e 1.355 en twitter.

3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA EFECTIVIDADE.

Este proxecto naceu con vocación de continuidade, polo que o xeito de avaliación do mesmo ten que medir non só o resultado final, se non tamén observar a dirección e a construción presente do proxecto, o que implica unha avaliación progresiva das accións que se van desenvolvendo, fronte ás modificacións nas áreas ou actividades que precisan ser fortalecidas ou reorientadas, para lograr así o obxectivo xeral do Mapa Literario de Vigo.

Deste xeito avalíanse as actividades e iniciativas individualmente e o proxecto de xeito anual.

3.1. Instrumentos de avaliación

Cada actividade avalíase de forma individual a través das seguintes ferramentas:

- Ficha resumo indicando: nº de asistentes, horario, resumo da actividade, observacións e incidencias.
- Folla de valoración cos seguintes puntos:
 - Valoración de Servizos: instalacións, atención do persoal.
 - Valoración da actividade: contidos, actividades realizadas, adaptación ao nivel do grupo, desenvolvemento da actividade, duración da actividade, observacións.

3.2. Avaliación anual

Este proxecto avalíase anualmente cun documento de xustificación, onde ademais se inclúen outros aspectos e no que se realiza unha análise DAFO.

Indicadores e medios para a avaliación

Nº de actividades realizadas

Nº asistentes

Satisfacción dos participantes (enquisas, comentarios)

Consecución de obxectivos

Valoración global da proposta e observacións

Avaliación da actividade respecto aos indicadores

Aspectos innovadores

Puntos fortes ou beneficios

Puntos débiles ou dificultades

Posibilidade de rentabilizar esforzos

Posibilidade de crear un grupo de traballo

4. POSIBILIDADE DE PROLONGACIÓN E/OU MELLORA DO PROXECTO

O Mapa Literario de Vigo é un proxecto vivo, activo e participativo que se pretende que vaia medrando coa introdución de novas localizacións que vaian aparecendo a medida

que aparecen novos títulos, xa sexa pola indicación dos/as usuarios/as ou a iniciativa da propia biblioteca.

Pero ademais é un proxecto transversal que permite explorar novas vías para realizar actividades, obradoiros, xogos, encontros ou proxectos en colaboración con distintas entidades e/ou axentes sociais.

5. LIGAZÓNS Á DOCUMENTACIÓN E AO PROXECTO PRESENTADO

5.1. Páxina Web do Mapa Literario de Vigo

<https://mapaliterariodevigo.com/>

5.2. Mapa para descargar

https://mapaliterariodevigo.files.wordpress.com/2018/04/mapa_literario_de_vigo_bibliotec_a_neira_vilas.pdf

5.3. Dossier de prensa

Presentación do proxecto. Día do Libro 2018



[Blog Biblioteca_Neira Vilas Presentacion Mapa Literario_180427](#)

[Metropolitano_El Mapa Literario que te permitirá conocer Vigo a través de los libros_180423](#)

[La Voz de Galicia_Un mapa dibuja la presencia de Vigo en la literatura_180424](#)

[Atlántico Diario_La Biblioteca Neira Vilas presenta su mapa literario de Vigo_180423](#)

[Cadena Ser_El mapa literario de Vigo tiene medio centenar de paradas_180423](#)

[Faro de Vigo_Mapas Literario de Vigo_180424](#)

[Editoria Galaxia_Galaxia colabora no Mapa Literario de Vigo_180425](#)

[Vigo e_Vigo crea o seu propio metro literario_180423](#)

[Bretemas_Mapas Literario de Vigo_180425](#)

Blog de Manuel Bragado, Vigo Galicia

Brétemas

Autor
 Archivo de



Mapa Literario de Vigo

25 DE ABRIL DE 2018

ARTIGOS

ARTIGOS FARO DE VIGO

AUTORES

BIBLIOTECAS

CULTURA

NARRATIVA

PROMOCIÓN DO LIBRO

RECURSO DIDÁCTICO

VIGO

XERAIS

Dedico o artigo da semana de *Faro de Vigo* ao Mapa Literario de Vigo deseñado na Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas:



Escribiu o mestre Agustín Fernández Paz que «onde hai unha biblioteca hai unha luz», xa que nesa casa de liberdade que é a biblioteca pública, «onde se respira un aire que non sabe de fronteiras», hai sempre «un punto de luz brillando con intensidade maior, como un aleph que contén a memoria e os soños da humanidade». A biblioteca como espazo de privilexio para os libros, onde habitan a inmensa variedade de sentimentos e experiencias da humanidade, ríos de palabras que gardan a memoria e precisamos para entendermos o mundo e para entendernos a nós mesmos.

[Directorio de Noticias_ Así es el primer mapa oficial de metro \(literario\) de Vigo_180419](#)

[Cultura Galega_ O Mapa Literario de Vigo convida a percorrer a cidade_180426](#)

[Noticias Vigo_ Vigo crea un Mapa Literario con dez rutas_180423](#)

[Cousas de_ Mapa Literario Vigo](#)

Mostra Zombi

[Atlantico Diario_ Cinco puntos a salvo de zombies_190502](#)

VIGO

Cinco puntos a salvo de zombies

Manel Loureiro, con "Apocalipsis Z", donde convierte a Vigo en una ciudad tomada por los muertos vivientes, es la recomendación del mes por la biblioteca Neira Vilas y la nueva incorporación a su mapa literario



Manel Loureiro (arriba, a la derecha), elegido autor del mes por la biblioteca Neira Vilas, nombra cinco puntos seguros en su novela "Apocalipsis Z" que se suman al mapa literario de Vigo.

ANA BAENA. VIGO

05/02/2019 00:00 H.

Kalandraka TV

[Kalandraka TV_ BPM Xosé Neira Vilas_181107](#)

KALANDRAKATV

LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Castellano

Inicio Seccións Coñécenos



ONDE HABITAN OS LIBROS

Librarías, bibliotecas e colexios

Inicio / Donde habitan los libros



Associació de Mestres Rosa Sensat

Biblioteas



Librería Casa Anita

Librarías



BPM Xosé Neira Vilas

Biblioteas



Librería Seijas

Librarías

[Inicio](#)
[Seccións](#)
[Coñécenos](#)
[Bibliotecas](#)
[Librarías](#)

Feira do libro

[Atlantico Diario_ Nueve días y uno más entre letras_ 190706](#)



Reto Lector

[Blog Biblioteca_ Reto Literario_ 190729](#)

[La Voz de Galicia_ El mapa vivo de la novela de Vigo_ 190720](#)

[Atlantico Diario_ El mapa literario ya tiene imagenes_ 19072](#)

Atlántico

Vigo

VIGO
GALICIA
ESPAÑA
ECONOMÍA
OPINIÓN
MUNDO
DEPORTES
SOCIEDAD
CULTURA
GENTE
TENDENCIA

VIGO
A. METROPOLITANA
UNIVERSIDAD
ISLAS CÍES
SERVICIOS

ÚLTIMA HORA

> 10:49 h. El jurado dictamina que Katy Perry copió un tema de rap cristiano en "Dark Horse"

PUBLICIDAD



Adiós, anuncios.
Activación automática. Vigila las condiciones de la oferta. Cargos entre 0,39 € y más.



EMPEZAR PRUEBA

VIGO

El mapa literario ya tiene imágenes

El nuevo reto de la biblioteca Neira Vilas invita a los lectores a inmortalizar en Vigo los escenarios de sus lecturas de verano; el Concello estudian enriquecer las paradas con otros referentes históricos o turísticos



O Vao, "A voz das nereidas", de Santiago Lopo. "Por tempadas deambulaba polo barrio de Coruxo, entre o Vao e a Fontaíña".

[Atlantico Diario_ Seis nuevas paradas literarias_ 190807](#)

M

MAPA LITERARIO DE VIGO

01 Liña Cabral - Lavadores



M

MAPA LITERARIO DE VIGO


02 Liña Casco Vello



M

MAPA LITERARIO DE VIGO

03 Liña Choróns - Praza E. Fadrique



M

MAPA LITERARIO DE VIGO


04 Liña Travesía - Teis



MAPA LITERARIO DE VIGO

mapaliterariodevigo.com

Máis información sobre todas as paradas na web literaria



MAPA LITERARIO DE VIGO

M

09 Liña Coia- Zamáns

Vázquez Freire, Miguel
Anxos en tempos de chuva
Ed. Xerais

Alonso Fran
Males de cabeza
Ed. Xerais

Val, Marga do
Tizita e Sabela na procura
Ed. Elvira

Vázquez de la Cruz, Ánxel
Luz de Tebra
Ed. Xerais

Reimondez, María
O club da calceta
Ed. Xerais

AVENIDA CASTELAO

BALAIÓDOS

CASTRELOS

VALADARES

ZAMÁNS

Camiñas en dirección da praia, quizais haxa menos tráfico por alí, quizais haxa menos xente. O remate da avenida Castelao, unha vez cruzado o semáforo, botaches a correr pola estrada da praia e non paraches ata chegar a Samil.

... el tamén vai ás domingos a Balaiós, e quería que fose con el, pero eu dígolle que non, porque eu non vou co meu vello nin colgada, antes quedo na casa, que el ten o seu mamoneo en Río Alto e eu vou cos colegas a Marcador,

... o neno Tamiru, explica que Castrelos é diferente en cada estación e que sempre hai algo que facer, se chove entras no museo e se non chove podes correr e xogar.

Sen apenas dicir adeus emprendemos a viaxe nocturna, primeiro en dirección a Valadares e logo, xa algo máis tranquilos, enfiamos as curvas entre as casas ciscadas da subida á Garrida. A furgoneta pareceu participar da aventura e cobrar brios ao gabear polas costas de San Colmado.

O club da calceta

Anxos en tempos de chuva

Males de cabeza

Luz de Tebra

MAPA LITERARIO DE VIGO

M

10 Liña Rande - Illas Cíes

Fariña, Anxo
Os Megatoxos e a Batalla de Rande
Ed. Xerais

Verne, Jules
Veinte mil leguas de viaje submarino
Ed. Xerais

Fariña, Anxo
A chave da Atlántida
Ed. Xerais

Cobas, Amadeo
Poboadores do Atlántico
Ed. Elvira

Feijoo, Pedro
Os fillos do mar
Ed. Xerais

CASTELO DE RANDE

BAHÍA DE VIGO

ILLAS CÍES

ILLA DE SAN MARTIÑO

PORTAS

Na cara daqueles homes esgotados podíase ler perfectamente que a inminencia da derrota. O castelo de Rande estaba perdido.

-Lo único que sabía-díje-es que se calcula en unos dos millones de toneladas... los tesoros que se guardan en el fondo del mar.

-En efecto, pero debe reconocer conmigo que, para extraer esas fortunas por los medios tradicionales, los gastos es muy posible que excedieran a los beneficios obtenidos. En mi caso, por el contrario, tan sólo tengo que recoger lo que los hombres han perdido..., cosa que no ha ocurrido solamente en la bahía de Vigo, como muy bien dijo usted, sino en otros mil lugares donde se han producido naufragios, cuya situación exacta consta en mi carta submarina. ¿Comprende usted ahora que yo sea mil veces millonario?

Os Megatoxos e a Batalla de Rande

O tío Fran conducía cara á illa do Medio, unha das tres que compoñían o arquipélago das Cíes. Antigamente, este conxunto xeográfico situado en fronte da cidade de Vigo, denominárase "Illas dos deuses", un nome que o profesor Blackwood atopaba máis apropiado que o actual,...


A chave da Atlántida

Sabia que logo do ataque do corsario Francisco Drake, en maio, cando esnaquizou ambos os dous mosteiros existentes na Illa do Medio e na Illa de San Martiño, tres obstinados monxes desoirón os consellos.

Poboadores do Atlántico

As Bocas é como se lles chama aos espazos que hai aos extremos das illas Cíes. Así, a Boca Norte, ou a Porta Grande, como tamén lle chaman aquí os mariñeiros, é o corredor que queda entre a illa de Monteagudo e o cabo Home, no extremo occidental da península do Morrazo, un estreito de fortísimas correntes, só menos perigoso cá Porta Pequena, o paso que hai na Cíes entre a illa do Faro e a illa de San Martiño. A Boca Sur é o espazo comprendido entre a illa de San Martiño e o cabo Silleiro, ao suroeste de Baiona.

Os fillos do mar



MAPA LITERARIO DE VIGO

M

05 Liña San Miguel - Bouzas

Franco Alonso, Xavier
Oitocentos
Ed. Galaxia

Villar, Domingo
A praia dos afogados
Ed. Galaxia

Lopo, Santiago
A voz das nereidas
Ed. Elvira

Gallego Abad, Elena
Sete Caveiras
Ed. Xerais

Costas, Leticia
Neve detrás do cristal
Ed. Elvira

PARQUE FORESTAL DE SAN MIGUEL

TORALLA

CORUXO

MUSEO DO MAR

PASEO VALENTÍN PAZ ANDRADE

Arrincaron os dous automóviles e colleron pola estrada de Baiona ata xirar nun cruzamento polo que comezaron o ascenso ata o parque forestal de San Miguel. En pouco tempo subiron a unha altura considerable.

Deixaron atrás a illa de Toralla, cuxa torre guiaba como un faro os barcos na escuridade, e seguiron avanzando ata que unha montaña se debuxou sobre o mar.

A el coñeciao dende que eu tiña uso de razón. Era un home peculiar que, por tempadas, deambulaba no barrio de Coruxo, entre o Vao e a Fontaiña.

O coche da vítima, un Ford branco, permanece estacionado a carón do Museo do Mar de Vigo.

Malia todo, botou a andar pola area en dirección ao paseo Valentín Paz Andrade, arrastrando a súa pena.

Sete Caveiras

Neve detrás do cristal

Oitocentos

A praia dos afogados

A voz das nereidas

MAPA LITERARIO DE VIGO

M

06 Liña García Barbón - Urzáiz

Costas, Leticia
Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta
Ed. Xerais

Fernández Paz, Agustín
O único que queda é o amor
Ed. Xerais

Alonso, Fran
Cartas de amor
Ed. Xerais

Blanco, Alberte
O Códice esmeralda
Ed. Xerais

Vega, Rexina
Cardume
Ed. Xerais

LA INDUSTRIOSA

REITORADO

TEATRO CINE FRAGA

SANTIAGO DE VIGO

CENTRO RECREATIVO LA OLIVA

-O meu grumete e mais eu temos que ir a un taller chamado La Industriosa, que está na Avenida Duque de la Victoria. A caldeira do meu late ten unha avaría e necesito falar co dono da fábrica, un vello coñecido, para que a repare -explicoulle-.

Con aire resolto, saíu da cafetería e entrou no Reitorado. A aquela hora apenas había cola, só catro ou cinco rapazas que non paraban de facerse bromas. Agardou pacientemente a súa quenda e, cando lle tocou a vez, amosoulle a foto á funcionaria que atendía ao público. Explicoulle que agardba a unha amiga súa que tiña que virse matricular, ...

E agora temos un novo lugar de encontro social, o magnífico Teatro Cine Fraga, que é enxexable; e un edificio para o Banco de España que sería imposible na cidade mesquiña que ti coñeciches.

Cartas de amor

A primeira, de pequeno porte, tiña o seu abeiro en Santo Ardán -no fondo da ría- e dedicábase á pesca de nasas, mentres a outra, de máis envergadura, andaba ao xeito e amarraba no peirao do Areal, en Santiago de Vigo.

O Códice esmeralda

Cada tarde levábanme alí, á Rúa Real, ao Príncipe, á colexiata, ao peirao do Berbés, ao Centro Recreativo de La Oliva, á Falperra... Conseguían reunir uns patacóns e entraban no cine Tamberlick ou tomaban un xeadó, paseaban cen veces e cen veces saudaban ao repaz da mercería...

Cardume

MAPA LITERARIO DE VIGO

M

07 Liña Venezuela - Camelias

Cid Cabido, Xosé
Días contados
Ed. Xerais

Rivas, Manuel
Un millón de vacas
Ed. Xerais

Castro, Francisco
Amor é unha palabra coma outra calquera
Ed. Galaxia

Feijoo, Pedro
Os fillos do lume
Ed. Xerais

Montesagudo, Xosé
Un tipo listo
Ed. Galaxia

CABALLO ROJO

PRAZA DE ESPAÑA

CAFETERÍA DO CASTRO

A PANIFICADORA

CAMELIAS

Ainda non eran as dez e dez cando o contable aparcou o coche na rúa Venezuela, fronte a unha das portas laterais do Corte Inglés. Entrou no Caballo rojo, pediu unha caña e púxose a ler o periódico.

Volveuse a negar, pero cando parei o coche no semáforo da Praza de España púxome unha man enriba do xenllo e arrimouse como para dicirme unha confidencia. ¿Sabes onde está a Nova Olimpia?

Ela escribe que si. A cafetería do Castro, no monte do mesmo nome de Vigo. Sabe cal é.

Amor é unha palabra coma outra calquera

A famosa Panificadora, en pé desde o ano 1924. É a sombra da súa mole durante o día, ou a súa silueta recortada contra o ceo pola noite, o que vexo cada vez que saio do edificio onde teño o meu estudio, alá abaixo na rúa do Paseo de Alfonso XII.

Un tipo listo

Os fillos do lume

Días contados

Un millón de vacas

Os fillos do lume

MAPA LITERARIO DE VIGO

M

08 Liña Príncipe - Berbés

Jaurequizar
Amor de Serea
Un misterio para Tintimán en Vigo
Ed. Xerais

Villar, Domingo
Ollos de auga
Ed. Galaxia

Roxo, Clara do
Sombras no Ensanche
Ed. Elvira

Castro, Francisco
Tes ata as 10
Ed. Galaxia

Queizán, María Xosé
Amor de tango
Ed. Xerais

MARCO

ELIXIO

EDIFICIO SANCHÓN

PRAZA DE COMPOSTELA

PRAIA DE SAN FRANCISCO

Para rematar, indicoume que me achegase ao Museo de Arte Contemporánea (Marco), na rúa do Príncipe. O centro cultural ocupa o edificio dun artigo cárcere e xulgados, construído en 1880 e reformado como centro de actividades artísticas no ano 2002.

Des que varias décadas atrás Elxio collera o establecemento, as súas paredes de pedra viñan sendo refuxio do máis excelso da cidade.

Ollos de auga

A súa casa, no último andar do edificio Sanchón, en pleno centro da cidade, abría as fiestras directamente ao teatro García Barbón, cos cabalos e esculturas que corraaban a azotea.

Sombras no Ensanche

A oficina está en plena praza de Compostela, é dicir, na Alameda, nun edificio restaurado que por dentro destilaba modernidade a base de portas de cristal que abrían soas e elevadores de metal brillante, a pesar de que, probablemente, levaba alí chantado dende primeiros do século XX.

Tes ata as 10

Cambiaran de remedios... Levábana aos baños á praia de San Francisco. Parecía que collía unha coloríña, mais ao entrar polo patio da casa palidecía de novo.

Amor de tango